



Ám@me, un ensaio imprescindible

Luísa Abad Abad¹

No 2018 a editorial Galaxia puxo a andar unha nova colección baixo o título *Feminismos*, un proxecto que responde a unha necesidade inaprazable de cambio social a favor da igualdade entre homes e mulleres. Iniciativas editoriais coma esta son necesarias para contribuír á reflexión sobre as múltiples dimensións que ten a desigualdade; sobre as diferentes facetas nas que se presenta o patriarcado e o amplo campo de reivindicacións que se formulan dende o feminismo, e tratando ademais, como non podía ser doutro xeito, a masculinidade na sociedade actual.

A colección *Feminismos* é parte dunha estratexia de combate no eido do pensamento para desmontar prexuízos e resistencias, ao mesmo tempo que formula propostas e camiños que podemos transitar para acadar un mundo mellor e máis xusto. Dende aquela até hoxe a colección leva 14 libros publicados, o que dá conta da súa boa acollida, así como do firme compromiso de Galaxia nun momento no que asistimos con preocupación ao retorno das ideas máis misóxinas, de comportamentos machistas que críamos ir superando e de actitudes cheas de violencia contra as mulleres, nun intento de frear os avances na igualdade. Un fenómeno especialmente preocupante porque se dá entre a mocidade, e por iso, libros coma estes deben estar ben visibles nas bibliotecas dos centros educativos, tanto para

1 Luísa Abad Abad é pedagoga, escritora e xestora cultural. Licenciada en Pedagogía pola Universidade de Barcelona, exerceu como mestra de Primaria e orientadora no Ensino Secundario. Deseñou e implementou o apartado de coeducación no Plan de Formación do Profesorado de Educación Infantil das Galescolas. Formou parte do Consello de Redacción da revista *IN-Fancia*. Na actualidade é Presidenta do Ateneo Atlántico de Vigo.